

CARREIRA PROFESIONAL

DECLARACIÓNS RESPONSABLES

O DOG do 06.08.2021 recolle textualmente para a **área IV** da carreira profesional (compromiso e implicación coa organización) o seguinte mérito no caso destes **profesionais de Atención Primaria**:

Médico/a de familia, pediatra e enfermeiro/a de Atención Primaria pola disponibilidade efectiva na realización de gardas e prolongación, así como dispoñibilidade para a realización de actividade adicional derivada da dificultade de cobertura por indispoñibilidade de aspirantes nas listaxes de contratación vixentes: 0,20 puntos/mes.

Polo tanto, desde **CCOO** **lembramos a estes profesionais que tiveran dita dispoñibilidade que presenten unha declaración responsable** antes do 30.09.2025 para que lles puntúe como mérito tal como recolle a convocatoria da carreira 2025 (DOG 12.08.2025).

Por outra banda, **CCOO** solicita á Dirección de RRHH do SERGAS e máis os sindicatos firmantes da Comisión de Seguemento da Carreira Profesional, que **tamén se recoñeza este mérito ao persoal de enfermería de Atención Hospitalaria**:

Enfermeiros/as de Atención Hospitalaria pola súa dispoñibilidade para a realización de actividade adicional derivada da dificultade de cobertura por indispoñibilidade de aspirantes nas listaxes de contratación vixentes.

Desde **CCOO** **denunciamos o agravio comparativo** que supón que aos profesionais de enfermería de hospitalaria non se lles puntúe este mérito xa que **a mesma dispoñibilidade debe implicar o mesmo recoñecemento na carreira profesional.**

Se queredes reclamalo ou tedes algunha dúbida pasade polas seccións sindicais de **CCOO**. Temos á vosa disposición modelos de declaración responsable feitos.

Para máis información, acode a túa sección sindical de **CCOO**

22 de agosto do 2025